



I CERTAME DE ESCAPARATES “O ENTROIDIÑO”

A Concellaría de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente convoca este concurso dirixido ao sector comercial, co fin de incentivar o esforzo e a decoración dos escaparates no Entroido de Sada e promover as vendas do comercio local.

DIRIXIDO A Todos os establecementos comerciais de Sada, calquera que sexa a súa actividade comercial.

INSCRICIÓNS

As inscricións deberán realizarse por escrito, antes das 14 horas do 31 de xaneiro de 2018, A través do correo: turismo@sada.gal ou ben por teléfono: 981620075 ext.264

PERÍODO DE EXHIBICIÓN

As datas de exhibición dos escaparates, como mínimo serán as comprendidas entre o 9 de febreiro e o 18 de febreiro de 2018, ambos incluídos.

Aínda que os produtos obxecto de venda do establecemento que se atopen nos devanditos escaparates, poderanse cambiar durante este período, sempre que non se modifique a decoración do escaparate.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

- Os escaparates deberán ter un estilo heteroxéneo, baseado na temática do entroido.
- Os escaparates que participen deberán estar colocados o día 9 de febreiro de 2017 e non poderá modificarse a decoración ata o día 18 do mesmo mes.
- Será imprescindible a visibilidade no escaparate participante do distintivo do concurso facilitado polo Concello de Sada.
- O participante deberá enviar a fotografía en formato dixital antes do día 9 de febreiro, ou ben solicitar a realización da mesma por parte do persoal do concello antes do día 31 de xaneiro.
- O Concello, distribuirá rifas e material relativo ao evento.

MODOS DE PARTICIPACIÓN E PREMIOS

- Os escaparates serán avaliados a través dun **Xurado Profesional**, valorando: A orixinalidade, o deseño, a limpeza, a orden e distribución do produto, a combinación de cores e a súa adecuación a temática de entroido. **O gañador, recibirá un trofeo e diploma e 100€ en metálico**
- Os escaparates serán **valorados a través da rede social Facebook, no perfil de @turismodesada**, onde crearáse un albume para este evento cos escaparates dos comercios participantes, etiquetando as súas redes sociais, para así ofrecer máis visibilidade comercial aos mesmos. O **comercio gañador recibirá trofeo e diploma.**

